



**Actividade:** Xornadas divulgativas: "As cores do mar de Toralla"

**Datas:** Haberá visitas os días 25, 26, 27, 28 e 29 de maio – 8,9,10,11 e 12 de xuño de 2009

**Duración:** As visitas teñen unha duración total de 4 horas (de 10:00 a 14:00)

**Lugar:** Estación de Ciencias Mariñas da Universidade de Vigo – Illa de Toralla

**Destinatarios:** Alumnos/as de primaria de centros de ensino de Vigo e bisbarra

A Unidade de Cultura Científica da Universidade de Vigo organiza visitas para estudiantes de primaria á Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT) co obxectivo de achegar aos alumnos/as ao medio mariño e fomentar o seu interese pola ciencia e o desenvolvemento sostible do medio natural.

As xornadas están adicadas á luz e ás cores do mar e dos seus habitantes, co obxectivo de que os nenos e nenas descubran as diferentes tonalidades que se agochan baixo o azul do mar e cal é a súa función e significado.

#### **Contido da actividade:**

As xornadas constan de:

- Visitas didácticas ao entorno de Toralla, rochas de baixamar e praia de baixamar
- Exposición de acuarios, nos que a cor terá un lugar predominante (fondos de algas, animais miméticos, ...).
- Exposición "Cores do mar de Toralla" composta de sete paneis explicativos
- Proxección da peza audiovisual "Baixo as ondas das rías" e charla na sala de actos da ECIMAT.

#### **Obxectivos:**

Se buscan os seguintes:

- Achegar aos alumnos/as dos colexios de Vigo e bisbarra ao coñecemento do medio mariño, mediante un percorrido polas cores do mar, á importancia da luz no mar, o uso das cores na fauna e flora mariña.
- Incentivar a curiosidade científica e o respecto polo ambiente natural nos mozos do entorno da Ría de Vigo, fomentando o coidado polos recursos mariños e a loita contra a destrucción do litoral.
- Divulgar entre os sectores sociais a investigación mariña acollida na Universidade de Vigo.

#### **Contacto:**

Os centros interesados en participar nesta actividade deberán dirixirse á Unidade de Cultura Científica da Universidade de Vigo antes do día 8 de maio para reserva de plaza.

José Jato

Telf: 986 811 943

[otri12@uvigo.es](mailto:otri12@uvigo.es)

<http://www.uvigo.es/otri/ucc>